

**RESOLUCIÓN do 6 de abril de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e a declaración de utilidade pública, en concreto, do proxecto de solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Cunca e Rodeira, emprazados nos concellos de Vila de Cruces, Silleda e Lalín da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/172), DOG Núm. 87, de 5 de maio de 2022. **Fin prazo para alegacións: 17/06/2022.****

NOME DO PROXECTO	EMPRESA PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Cunca e Rodeira	Green Capital Power, S.L.	Vila de Cruces, Silleda e Lalín (Pontevedra)	<p>Obxecto: evacuar a enerxía xerada polos seguintes parques eólicos, proxectados e promovidos por Green Capital Power, S.L., non obxecto deste expediente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Parque eólico Cunca, de 22,5 MW, co nº de expediente (IN408A 2019/02-4).</li> <li>• Parque eólico Rodeira, de 22 MW, co nº de expediente (IN408A 2019/04-4).</li> </ul> <p>Así como a enerxía eléctrica xerada nos parques eólicos proxectados e promovidos por outros titulares (non obxecto deste expediente).</p> <p>Alcance:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• LAT 132 kV PE Cunca-LAT 132 kV SET Rodeira/SET colectora Silleda.</li> <li>• LAT 132 kV SET PE Rodeira-SET colectora Silleda.</li> <li>• LAT 400 kV SET colectora Silleda-SET Silleda.</li> <li>• Subestación colectora Silleda 132/400 kV.</li> </ul> <p>Características técnicas recollidas no proxecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– LAT 132 kV SET PE Cunca-LAT 132 kV SET Rodeira/SET colectora Silleda.</li> </ul> <p>Circuíto simple de condutor tipo LA-180 simplex, de 2,43 km, aproximadamente, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 57,07 e 19,73 metros de conexión á SET PE Cunca e á LAT 132 kV SET PE Rodeira/ SET colectora Silleda respectivamente.</p> <p>Orixe: SET PE Cunca (termo municipal de Vila de Cruces).</p> <p>Final: apoio ROD-SIL 0 (termo municipal de Vila de Cruces).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– LAT 132 kV SET PE Rodeira-SET colectora Silleda.</li> </ul>

A liña descorrerá desde a SET PE Rodeira á SET colectora Silleda, de 4,02 km, aproximadamente, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 23,28 e 45 m de conexión á SET PE Rodeira e á SET colectora Silleda respectivamente.

- Tramo I.

Circuíto simple de condutor tipo LA-180 simplex, tratándose dun van destensado de 23,28 m da saída da subestación.

Orixe: SET PE Rodeira (termo municipal de Vila de Cruces).

Final: apoio ROD-SIL 0 (termo municipal de Vila de Cruces).

- Tramo II.

Circuíto simple de condutor tipo LA-180 simplex, de 1,96 km aproximadamente.

Orixe: apoio ROD-SIL 0 (termo municipal de Vila de Cruces).

Final: apoio ROD-SIL 9 (termo municipal de Lalín).

- Tramo III.

Circuíto simple de condutor tipo LA-455 dúplex, de 2,06 km aproximadamente, sen incluír o van destensado de conexión á subestación de aproximadamente 45 m.

Orixe: apoio ROD-SIL 9 (termo municipal de Lalín).

Final: SET colectora Silleda (termo municipal de Silleda).

– LAT 400 kV SET colectora Silleda-SET Silleda.

Circuíto simple de condutor tipo LA-455 dúplex, de 0,13 km aproximadamente, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 26,32 e 77,27 m de conexión á SET Colectora Silleda e á SET Silleda respectivamente.

Orixe: SET colectora Silleda (termo municipal de Silleda).

Final: SET Silleda 400 kV (termo municipal de Silleda).

En todas as liñas anteriores, ademais do circuíto simple, do tipo indicado anteriormente, levará un cable de fibra óptica do tipo OPGW-48 para comunicacións, que fará tamén as funcións de cable de terra.

O tendido das liñas aéreas realizarase sobre apoios metálicos de celosía e son 29 o número de apoios proxectados.

– Subestación colectora Silleda 132/400 kV.

Estará situada no termo municipal de Silleda e ocupará unha superficie de 11.738,70 m<sup>2</sup>. Constará dunha parte a intemperie, onde se instalará o aparelaxe eléctrico, e dun edificio de control.

Estará composta polos seguintes elementos:

- Unha (1) posición de liña de 132 kV, con tecnoloxía convencional, para a LAT 132 kV SET PE Rodeira-SET colectora Silleda (POS. L/SET Rodeira 132 kV).
- Unha (1) posición de liña de 132 kV, con tecnoloxía convencional, para a LAT 132 kV dos promotores Tasga e Enel (POS. L/Tasga e Enel 132 kV).
- Unha (1) posición de liña-transformador de 132 kV, con tecnoloxía convencional, para a LAT 132 kV do promotor Greenalia (POS. L/Greenalia 132 kV).
- Dúas (2) posicións de transformación 132/400 kV, de 200 MVA, con tecnoloxía convencional, para elevar a 400 kV a enerxía procedente dos parques eólicos existentes na zona dos promotores Green Capital Power (T-1), Tasga e Enel (T-2).
- Unha (1) posición de transformación 132/400 kV, de 205 MVA, con tecnoloxía convencional, para elevar a 400 kV a enerxía procedente dos parques eólicos existentes na zona do promotor Greenalia (T-3).
- Unha (1) posición de liña de 400 kV, con tecnoloxía convencional, para a LAT 400 kV SET colectora Silleda-SET Silleda.

Contará, ademais, cun transformador auxiliar de 100 kVA e un grupo electrógeno exterior de 100 kVA, así como os equipos necesarios para cuantificar a enerxía vertida e consumida a través da subestación á rede.

Para a alimentación dos servizos auxiliares da subestación colectora, instalarase un centro de transformación 20/0,4 kV que se alimentará a través dunha liña de 20 kV existente na zona propiedade de UDF Distribución Electricidad, S.A. O seu trazado descorre pola zona onde se está proxectando esta subestación polo que será necesario realizar un recuamento desta.